

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE ABRIL DE 2017.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de abril de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPÍÑA. (concelleiro non adscrito)

Non asiste: JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.02.2017.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 09.02.2017 AO 11.04.2017.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2016.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA, CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE 2016.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2017.

6º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.02.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 15.02.2017.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa da existencia dun erro na transcripción da lista coa relación de decretos facilitada aos concelleiros na anterior sesión ordinaria, posto que non figuran por omisión na transcripción, os seguintes decretos:

27.01.2017. Pagamento diferencias complemento específico a un funcionario por substitución do secretario.

27.01.2017. Recoñecemento trienios laborais.

27.01.2017. Nómina xaneiro.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobar a acta da sesión do 15.02.2017 coa seguinte corrección de erros: debe engadirse na relación de decretos transcritos na acta os tres decretos sinalados.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 09.02.2017 AO 11.04.2017.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

09.02.17.- Solicitud dunha subvención ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental 2017 para a subministración de colectores para a recollida de lixo.

09.02.17.- Devolución de avais constituídos na tesourería a nome da empresa Segade Saelco SA para responder do subministro de enerxía en Sabaxáns.

10.02.17.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades da escola de música do 2º trimestre do curso 2016-2017.

10.02.17.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades de prevención e inserción segundo trimestre curso 2016-2017.

10.02.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36.453,67 € euros (Mancomunidade Serra do Barbanza decembro 2016)

13.02.17.- Aprobación da conta xustificativa do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos da Deputación para o exercicio 2016.

13.02.17.- Adxudicación do contrato de obras de: Proxecto de mellora nas redes de abastecemento e augas pluviais de Brión; aldeas de Boaventura e Torre, á empresa Espina & Delfin SL.

13.02.17.- Aprobación do Plan orzamentario do concello para 2017-2020.

13.02.17.- Presentación da autoliquidación do modelo 111 e 303 referido ás retencións do IRPF e IVA do mes de xaneiro de 2017 á Axencia Tributaria.

14.02.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 8 de febreiro.

14.02.17.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2016.

14.02.17.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

14.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a realización de investimentos culturais da Deputación durante o ano 2016 polo importe de 7.676,02 €.

14.02.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 11.425,00 € (asistencias dos concelleiros durante o período xuño e decembro 2016).

15.02.17.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dunha veciña.

17.02.17.- Adxudicación do contrato de servizos de: Vacacións para terceira idade 2017 Costa de Andalucía, á empresa Viajes Halcón SAU.

17.02.17.- Solicitud de subvención á Xunta de Galicia de axudas dirixidas a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

17.02.17.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Mellora nas redes de abastecemento e augas pluviais de Brión; aldeas de Boaventura e Torre.

20.02.17.- Inicio do expediente para a rectificación do inventario dos bens e dereitos a 31 de decembro de 2016.

20.02.17.- Aprobación da liquidación da taxa polos gastos de publicación do anuncio no DOG da modificación do Plan parcial do sector de solo urbanizable Monte Balado, por importe de 135,50 €.

20.02.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 74.926,20 € (facturas varias).

21.02.17.- Adxudicación do contrato de: Explotación do servizo de máquinas de venda automática no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol á empresa BMR VENDING SL.

21.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a realización de investimentos deportivos da Deputación durante o ano 2016.

21.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a realización de actividades deportivas da Deputación durante o ano 2016.

21.02.17.- Convocatoria de sesión da Xunta de Goberno Local.

21.02.17.- Resolución de inicio de expediente sancionador de tráfico.

21.02.17.- Aprobación da lista de beneficiarios do programa de axuda alimentaria do mes de marzo.

22.02.17.- Adxudicación do contrato menor de obras de: Traballos de reforzo, adecuación, adaptación e reforma de instalacións da rede de distribución existente en Cotorriño, á empresa Javi - Luz Electricidad SL.

22.02.17.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016 dun veciño.

22.02.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de febreiro.

22.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a realización de actividades culturais da Deputación de 2016.

22.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención de investimentos de promoción económica da Deputación de 2016.

23.02.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 29.017,06 € euros (Mancomunidade Serra do Barbanza xaneiro 2017).

23.02.17.- Devolución de fianza a unha veciña por unhas obras en Mourentáns.

23.02.17.- Devolución de fianza a unha veciña por unhas obras en Sabaxáns.

23.02.17.- Devolución de fianza a un veciño por unhas obras en Cirro.

23.02.17.- Recoñecemento de trienios a un funcionario.

23.02.17.- Recoñecemento de trienios a tres laborais.

24.02.17.- Pago de nóminas.

28.02.17.- Desistimento de solicitude realizada á Deputación para o fraccionamento do pagamento do IBI.

28.02.17.- Altas no padrón de habitantes do mes febreiro.

28.02.17.- Baixas no padrón de habitantes do mes febreiro.

28.02.17.- Aprobación da facturación correspondente ao mes de febreiro de 2017 polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.

28.02.17.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal a unha veciña para o abono do aluguer da vivenda.

28.02.17.- Alta no servizo de xantar na casa de dous veciños.

01.03.17.- Solicitude dunha subvención para o Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2017 da Deputación.

01.03.17.- Solicitude dunha subvención para o Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2017 da Deputación.

01.03.17.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 2 de marzo.

02.03.17.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

02.03.17.- Baixa no servizo de xantar na casa dun veciño.

02.03.17.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

02.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 51.499,00 € euros (Gas Natural S.U.R. SDG).

02.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.110,65 € euros (facturas varias).

02.03.17.- Devolución de fianza a unha veciña por unhas obras en Guitiande.

02.03.17.- Resolución de expediente sancionador de tráfico.

03.03.17.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes aos anos 2015 e 2016 dun veciño.

03.03.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de marzo.

06.03.17.- Concesión de licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos.

06.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 56,03 € (taxas Xunta de Galicia).

06.03.17.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dun veciño.

06.03.17.- Incorporación no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

06.03.17.- Aprobación do pagamento da cantidade correspondente á anualidade de 2017, polo importe de 9.260,60 euros, equivalente ao 25% do valor do ben da antiga cámara agraria local á Consellería de Facenda.

07.03.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de febreiro.

07.03.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de febreiro.

07.03.17.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo.

07.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 1/2017.

08.03.17.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Estrar.

08.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.072,97 € (facturas varias).

09.03.17.- Aprobación da liquidación de taxas por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

09.03.17.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa – Bastavales o día 19 de marzo.

10.03.17.- Aprobación da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2016.

13.03.17.- Aprobación de pagamento ao Centro Multiocio Brión SL de intereses pendentes de liquidar do primeiro pago realizado con data 19.05.2016 e do importe da débeda principal pendente do plan de pagos.

13.03.17.- Aprobación da certificación de obra de: Mantemento e mellora de diversas pistas municipais, aldea de Goiáns, aldea de Ombre, aldea de Vilar e tramo de conexión con Esparís, así como o tramo entre Guitiande e Adoufe (POS 2016).

13.03.17.- Aprobación da certificación de obra de: Mantemento de beirarrúas nas parroquias de Bastavales e Os Ánxeles (POS 2016).

13.03.17.- Rectificación do erro material advertido no proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Bemil, do POS+ 2017.

13.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 2/2017.

13.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 3/2017.

13.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 4/2017.

13.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 5/2017.

13.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 6/2017.

14.03.17.- Aprobación da certificación núm. 1 da obra de: Reparación e mellora da envolvente exterior (cuberta e trasdosado das fachadas) do pavillón municipal do PAS 2015.

14.03.17.- Aprobación da certificación da obra de: Reparación e mellora da envolvente exterior do centro social polivalente do PAS 2015

14.03.17.- Aprobación da certificación da obra de: Instalación de pavimento continuo de dous parques infantís, sitios na urbanización "Devesa da Gándara" e "Monte Devesa" do PAS 2015.

14.03.17.- Aprobación da certificación da obra: Mellora da instalación produtora e consumidora de enerxía en Brión; alumeadado público do Plan Medio Ambiente 2016.

15.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 7/2017.

15.03.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 8/2017.

15.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 54.415,48 euros (facturas varias).

15.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 18.340,98 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

16.03.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

17.03.17.- Requirimento a titular dun vehículo abandonado para a súa retirada da vía pública.

20.03.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

20.03.17.- Delegación do exercicio das funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril.

20.03.17.- Inadmisión a trámite de expediente de limpeza de fincas debido a que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas.

21.03.17.- Delegación de sinatura para ao acto de entrega dunha embarcación no xefe do grupo de emerxencias supramunicipal.

21.03.17.- Inclusión de veciños na actividade de Viaxe para a terceira idade do 2017.

21.03.17.- Solicitud á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por importe total de 315.883,68 €

22.03.17.- Baixa definitiva no servizo xantar na casa dun veciño.

22.03.17.- Deixar sen efecto a resolución de alcaldía de data 21.03.2017 e delegar a sinatura para ao acto de entrega dunha embarcación na 1ª tenente de alcalde.

22.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 6.375,00 euros (Viajes Halcón SAU).

22.03.17.- Realizar o acompañamento do grupo para a actividade Vacacións para maiores 2017 a Torremolinos por parte dunha funcionaria municipal en comisión de servizos.

23.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación para actividades de promoción económica durante o ano 2016.

23.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación para actividades de promoción turística durante o ano 2016.

23.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación para investimentos de promoción turística durante o ano 2016.

23.03.17.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 24 de marzo.

24.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

24.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, durante o ano 2016.

24.03.17.- Adhesión ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios da Deputación para o exercicio 2017.

24.03.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016.

28.03.17.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Ons.

28.03.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de marzo.

29.03.17.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

31.03.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 640 euros do seguro de accidentes da III Andaina Terras de Altamira (Helvetia SA).

31.03.17.- Aprobación de convenio de colaboración para o proxecto de obradoiro de emprego denominado "Co-labora" a realizar conxuntamente cos concellos de Ames e Teo e solicitude de subvención.

31.03.17.- Inscripción no Rexistro de Asociacións do concello á Asociación AXM Tennis Team.

31.03.2017.- Aprobación da facturación correspondente ao mes de marzo de 2017 polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.

31.03.2017.- Nómina do mes de marzo.

03.04.17.- Altas padrón de habitantes do mes marzo.

03.04.17.- Baixas padrón de habitantes do mes marzo.

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa á EEI de Luaña por importe de 1.100 €

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa á EEI de Os Ánxeles por importe de 1.100 €

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa á EEI de Sabaxáns por importe de 1.100 €

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa ao IES DE BRIÓN por importe de 2.000 €

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa á Asociación de Mulleres Xuntanza por importe de 2.100 €

03.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa ao Club Deportivo Brión Futsal por importe de 2.000 €

03.04.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

03.04.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

05.04.17.- Concesión de axuda de emerxencia social a un veciño.

05.04.17.- Anulación en execución de sentenza firme do Xulgado do Contencioso - Administrativo núm. 2 da Coruña, da resolución de alcaldía do 15.01.2016 de desestimación de recurso de reposición interposto contra resolución do 19.06.2015 recaída en expediente de reposición da legalidade urbanística por mor da construción dun galpón en Souto - Os Ánxeles.

05.04.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

06.04.17.- Requirimento a un veciño para que proceda a retirar un vehículo da vía pública.

06.04.17.- Requirimento a un veciño para que proceda a retirar un vehículo da vía pública.

06.04.17.- Aprobación de expediente de modificación de créditos 9/2017.

06.04.17.- Alta no padrón de recollida de lixo dun inmovible.

07.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa ao Club Sociedade Deportiva Luaña por importe de 3.000 €

07.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa ao Club de Fútbol Sociedade Deportiva Brión por importe de 5.700 €

07.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa ao CEIP de Pedrouzos por importe de 3.000 €

07.04.17.- Outorgamento dunha subvención nominativa á Asociación Banda de Música Municipal de Brión por importe de 3.300 €

07.04.17.- Aprobación da conta xustificativa do Programa de subvencións para o desenvolvemento de servizos sociais de 2016 da Deputación: Mantemento da escola infantil.

10.04.2017.- Designación de policía locais para colaborar na regulación do tráfico no Concello de Padrón o domingo de Pascua.

10.04.2017.- Aprobación inicial do padrón fiscal conxunto das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2017.

10.04.2017.- Aprobación da conta xustificativa do Programa de subvencións para o envellecemento activo de 2016 da Deputación.

10.04.2017.- Concesión de axuda de emerxencia social.

10.04.2017.- Convocatoria de Xunta de Goberno Local a celebrar o 11.04.2017.

11.04.2017.- Convocatoria de comisións informativas e pleno ordinario do 19.04.2017.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2016.

Dada conta da proposta da alcaldía do 23.02.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.04.2017, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2015 e o 31 de decembro de 2016, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES:

1221001 BIBLIOTECA MUNICIPAL.- No edificio descrito neste epígrafe, instalouse unha caldeira de biomasa modelo Lazar SmartFire69, con sistema de almacenamento de pellets e sistema de alimentación de combustible.

O equipamento foi subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder - Galicia 2014 - 2020, por importe de 21.017,43 € e adxudicada por resolución da alcaldía do 11.08.2016 á empresa Alberto Sampedro Martínez, que actúa co nome comercial de Novagal Ingeniería e Renovables.

VALOR.....28.023,24 €

1222010 ORDENACION DO ENTORNO DA CARBALLEIRA DE SANTA MINIA.- No ano 2014 colocouse un busto de bronce de Roberto Vidal Bolaño, sobre unha base de pedra e cunha placa conmemorativa de 128 x 210 cm. Foi subvencionado pola Deputación Provincial a través da convocatoria de Programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividade e investimentos durante o ano 2013.

VALOR.....7.122,50 €

1222010 ORDENACION DO ENTORNO DA CARBALLEIRA DE SANTA MINIA.- No ano 2016 colocáronse 30 metros lineais de barandilla, no fronte do edificio da Casa de Cultura, en tubo ISO galvanizado de 60 mm e de 1 metro de altura.

VALOR.....2.722,50 €

1222013 CASA DA CULTURA.- Acondicionamento da planta baixa, destinada a sala de exposicións. As obras, realizadas por Castaño y Bascoy SLU e subvencionadas pola Deputación Provincial a través da convocatoria de Programas de apoio á cultura e o deporte do ano 2016, consistiron en:

- colocar falso teito e trasdosado en paredes con illamento e placa hidrófuga (479,66 €)
- alicatado de baños en branco (1.124,82 €)
- porta para armario en branco (776,82 €)
- porta para armario en branco de 181x172 (822,80 €)
- porta especial paso lacada en branco para o baño (459,80 €)
- tarima flotante AC4 con rodapé (2.401,61 €)
- pavimento cerámico para o baño (394,46 €)
- instalación de fontanería no baño (992,20 €)
- espello no baño (47,19 €)
- instalación de pavimento na entrada (176,66 €)

VALOR.....7.676,02 €

1222016 ANTIGA CAMARA AGRARIA.- No edificio descrito neste epígrafe instalouse unha estufa Modelo Ambiente e Calore Allegra de 10 kw.

O equipamento foi subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder - Galicia 2014 - 2020, por importe de 1.445,47 € e adxudicado por resolución da alcaldía do 28.07.2016 á empresa Alberto Sampedro Martínez, que actúa co nome comercial de Novagal Ingeniería e Renovables.

VALOR..... 1.927,29 €

1223001 ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA MAGARIÑOS.- No edificio descrito neste epígrafe instalouse unha caldeira de biomasa Solzaima Automática 30, con sistema de almacenamento de pellets.

O equipamento foi subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder - Galicia

2014 - 2020, por importe de 7.332,33 € e adxudicado por resolución da alcaldía do 28.07.2016 á empresa Alberto Sampedro Martínez, que actúa co nome comercial de Novagal Ingeniería e Renovables.

VALOR..... 9.776,44 €

1223002 LOCAL SOCIAL DOS ANXELES: No edificio descrito neste epígrafe instalouse unha estufa Modelo Ambiente e Calore Allegra de 10 kw.

O equipamento foi subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder - Galicia 2014 - 2020, por importe de 1.445,47 € e adxudicado por resolución da alcaldía do 28.07.2016 á empresa Alberto Sampedro Martínez, que actúa co nome comercial de Novagal Ingeniería e Renovables.

VALOR..... 1.927,29 €

1224002 PAVILLON POLIDEPORTIVO DE BRION.- Realizáronse obras nas inmediacións do Colexio de Pedrouzos e pavillón de deportes incluídas no proxecto de: Acondicionamento da beirarrúa emprazada nas inmediacións do pavillón polideportivo e o acceso á zona escolar, sita en Lamiño, Brión. As obras consistiron en:

- Instalación de saneamento de augas pluviais en cunetas, e posterior conexión á rede de saneamento existente.
- Construción de beirarrúas.
- Creación de novas prazas de aparcamento.

As obras foron realizadas por administración polo concello e subvencionadas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2015 (POS 2015), por importe de 27.312,48 €. As obras foron recibidas o 3 de setembro de 2015.

VALOR:..... 27.312,48 €

1224018 CAMPO DE FUTBOL DE BRION.- Nos vestiarios descritos neste epígrafe colocáronse 3 portas coas seguintes características:

1 porta cortafogos de 800x2050: 183,92 €

2 portas cortafogos de dobre folla de 1500x2050: 1.033,82 € (516,91 €/und).

VALOR:..... 1.217,74 €

1442201 EDIFICIOS NO PASEO DE PEDROUZOS E RUA TARRIO.- Instaláronse 67 luminarias tipo led de 40 vatios con regulación de fluxo luminoso, 5 luminarias Retrofit 20 W e actuacións en cadro de mando incluídas no proxecto ILE 2016: Proxecto de aforro e eficiencia enerxética de instalación de iluminación pública exterior.

A obra foi subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014 - 2020, e adxudicada por resolución da alcaldía do 14.10.2016 á empresa Javi-Luz Electricidad SL.

VALOR..... 16.738,56 €

1524105 LIÑARES – CASTRIGO.- Realizáronse obras de limpeza de cunetas abertas, nunha lonxitude de 801 metros lineais. Entubáronse as cunetas con tubería de PVC de 315 mm de diámetro, ampliando a sección da calzada e cubríndoa con rego asfáltico superficial.

1527104 VIOXO – LUAÑA.- Limpáronse as cunetas para mellorar as condicións de escorrentía e acondicionouse a pista con rego asfáltico.

As obras, incluídas no: Proxecto de ampliación e acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en diversas pistas municipais (Lamiño, Liñares e Vioxo-Luaña), foron subvencionadas parcialmente pola Deputación Provincial ao abeiro do convenio de colaboración número 76/2016, quedando os bens afectados á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos. As obras foron recibidas o 29 de agosto de 2016.

VALOR:..... 78.192,33 €

Realizáronse obras de mantemento de diversas pistas incluídas no: Proxecto de obras de mantemento de camiños de Guisande á estrada xeral (AC-300), na parroquia dos Ánxeles.

As obras consistiron na limpeza, preparación de firme e posterior tratamento superficial a base de rega asfáltica e limpeza de cunetas, e descríbense nos seguintes epígrafes:

1521205 AUGAS FERREAS - REBOREDO PEQUEÑO

1521206 SOIGREXA - MOGOS

1521107 PEDRA AGUDA - GUISANDE

1521214 GUISANDE - PISTA DE REBOREDO

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan de acción social (PAS) 2015, e adxudicadas por resolución da alcaldía do 09.09.2016 á empresa Obras y Viales de Galicia SL. As obras foron recibidas con data 30.11.2016.

VALOR:..... 37.420,00 €

Realizáronse obras de mantemento de diversas pistas incluídas no: Proxecto de mantemento de camiños nas aldeas de Babenzo, Baliño e Alqueidón.

As obras consistiron na limpeza, preparación de firme e posterior tratamento superficial a base de rega asfáltica e limpeza de cunetas, e descríbense nos seguintes epígrafes:

1510006 GUNDIN - IGREXA DE BASTAVALES

1522222 SAN SALVADOR (Casa do Mexicano)-BABENZO

1522223 BABENZO-CEREIRO

1521208 ALQUEIDÓN. RÚA DE CANCELOS

1521302 CANCELOS A CASA DE AMERICA

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan de acción social (PAS) 2015 e adxudicadas por resolución da alcaldía do 16.09.2016 á empresa Obras y Viales de Galicia SL. As obras foron recibidas con data 30.11.2016.

VALOR:..... 27.420,00 €

Realizáronse obras de mantemento de diversas pistas incluídas no: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Guitiande, Vilanova, O Rial, Gosende, Souto, Chave de Carballo e diversas rúas nos lugares de Pedrouzos e Lamiño.

As obras consistiron na reparación, con limpeza de pistas e de cunetas, así como bacheo e asfaltado superficial mediante rego asfáltico e descríbense nos seguintes epígrafes:

1521305 GUITIANDE - ADOUFE

1521210 GUITIANDE - FOGUETEIRO

1521209 ADOUFE - CARNICERIA DO TREMO

1521104 RAMAL DE SOUTO

1521106 O TREMO - O RIAL

1524106 PEDROUZOS - QUINTANS

1524207 ALMACEN - PEDROUZOS

1524105 LIÑARES - CASTRIGO

As obras foron realizadas por administración polo concello e subvencionadas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2015 (POS 2015). As obras foron recibidas o 09.11.2015.

VALOR:..... 95.322,36 €

Realizáronse obras de mantemento de diversas pistas incluídas no: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Brión.

As obras consistiron na apertura de cunetas, preparación da caixa do camiño con aporte de zahorra e finalmente rega e compactación mecánica e descríbense nos seguintes epígrafes:

1526401 A GRAÑA - VILARIÑO

1529304 OMBRE - A IGREXA

1527401 GOIANS - LUGARIÑOS

1527305 VIOXO DE ABAIXO – MONTE DA CRUZ

As obras foron subvencionadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), ao abeiro do Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ao abeiro do PDR de Galicia 2014 - 2020, e adxudicadas por resolución da alcaldía do 07.07.2016 á empresa Eulogio Viñal Obras y Construciones SA. As obras foron recibidas o 09.09.2016.

VALOR:..... 82.343,51 €

1224008. PARQUE INFANTIL DE GUITIANDE-. Realizáronse obras segundo o proxecto de: Instalación de pavimento continuo no parque infantil na aldea de Guitiande, subvencionado parcialmente pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema

de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 - 2020. As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía do 07.06.2016 á empresa Jardinería Arce SL. As obras foron recibidas o 15.07.2016.

VALOR:..... 25.157,05 €

5. VEHÍCULOS.

5000039-. NISSAN NP300 NAVARA 2.3 DCI 190 CV DOBLE CABIÑA PICK UP, matrícula 2546 JSC, cedido pola Xunta de Galicia para funcións de protección civil no ano 2016, co seguinte equipamento: Betliner, gancho remolque, kit cabestrante, persiana, kit protección civil e rotulado.

VALOR:.....42.075 €

7.- MOBLES:

7.01. CASA DO CONCELLO

1 estantería de 6 módulos de 90x60x200, composta de 36 baldas de 90x60: 983,20 €

4 módulos de estanterías de 90x40x200, composta de 24 baldas de 90x40: 448,00 €

7 baldas para estanterías de 90x60: 356,53 €

Fotocopiadora Rico 55: 968,00 €

Impresora laser Rico 5200: 242,00 €

VALOR.....2.997,73 €

7010008. NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

Tablet Samsung Galaxy 9, 7", 4 GB,166 B: 356,95 €

VALOR.....356,95 €

7.02.- NO PAVILLON

1 Reprodutor DVD Samsung DVD-D530: 69,00 €

Máquina fregadora modelo KF455E: 2.395,80 €

Termo mural Duralis de 200 litros: 785,29 €

VALOR.....3.250,09 €

7.03.- ESCOLA DE MUSICA

Pack pizarra dixital Smart Board SBM 680 V con proxector EPSON EB-570, altavoces e caixa:
1.995,29 €

Instalación de proxector interactivo: 175,45 €

VALOR.....2.170,74 €

7.04.- BIBLIOTECA MUNICIPAL

1 silla operativa STAY, con base xiratoria: 326,70 €

VALOR.....326,70 €

7.07.- GARAXE - ALMACEN

1 podadora altura 131-4 Stihl HT: 662,15 €

1 cortasetos Stih: 323,06 €

VALOR.....985,21 €

7.08.- CASA DA CULTURA

OFICINA TÉCNICO CULTURA

1 Obxectivo fotográfico SIGMA 18-250 OS: 439,00 €

1 armario baixo con dous caixóns para carpetas colgantes:350,90 €

2 armarios baixos sen portas: 326,70 €

SALA DE EXPOSICIÓNS

3 cubos lacados en branco para esculturas: 217,80 €

2 micrófonos SHURE cos seus correspondentes cables e 2 pés de micrófono: 338,00 €

VALOR.....1.672,40 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.-

2 hamacas extra: 147,62 €

Cortina de loneta sanforizada con barra branca: 307,34 €

2 repostos para gandulita play: 73,20 € (36,60 €/und)

Colchoneta tatami: 381,39 €

Radio CD Lauson CP 429: 54,45 €

Andador: 90,75 €

1 moble de 1,80 de largo x 1,00 de alto x 0,60 de fondo en melanina hidro de 19 mm con 2 portas abatible de 0,50 con pechadura e 5 caixóns de 0,80, con guías de extracción total, patas de 0,81 de alto x 0,35 de ancho e bisagras para poñer mesa de profesora abatible: 427,13 €

Cortina de loneta sanforizada con persilla e barra branca: 307,34 €

Radio CD Grunding RCD-1445B: 80,00 €

Alfombra de vinilo de 4x2 metros: 99,22 €

Visillo e barra: 268,62 €

Monitor de TV LG 28MT 48-D: 320,00 €

Mosquitera enrollable con caixa superior, color lacado branco: 129,45 €

Mosquitera enrollable con caixa superior, color lacado branco: 129,45 €

Climatización (General Fujitsu climatizador mural (Inverter) e instalación frigorífica: 2.601,50 €

2 baldas en L DE 60+185 de largo x 30 de fondo en melamina hidro de 30 mm, suxeccións ocultas: 169,40 €

Solo de vinilo para baño: 107,50 €

Alfombra de vinilo para baño: 107,50 €

Solo de vinilo para baño: 107,50 €

Alfombra de vinilo para baño: 107,50 €

Moble estantería de 2,10 de largo x 0,45 de fondo x 0,945 de alto para colgar en melamina hidro de 19 mm dividido en cubos: 344,85 €

Moble estantería con 20 cubos e 3 portas con chave de 162,5 de largo x 50 de fondo x 200 de alto en melamina hidro 19 mm: 465,85 €

Moble estantería con 3 divisións de 32,3, de 105 de largo x 55 de fondo x 100 de alto en melamina hidro de 19 mm con 3 estantes en traseira e rodas xiratorias: 302,50 €

Moble estantería de 190 de largo x 45 de fondo x 95 de alto para colgar en melamina hidro 19 mm dividido en cubos: 323,07 €

Conxunto de moble unidos con 2 terminais en curva no principio e no final, 1 moble estantería con cubos, caixóns e 2 portas con chave de 107,5 de largo x 350 de fondo, x 210 de alto en melamina hidro de 19 mm dividido en cubos, 1 estante de 140 de largo x 35 de fondo, 2 cubos de 35 de largo x 35 de fondo x 35 de alto: 1.222,10 €

Pantalla mural eléctrica para proxector: 157,30 €

Cámara de vídeo JVC everio : 344,85 €

Portatil Asus X556UA-XO044T: 580,80 €

Lavadora LG de 15 Kg semi-industrial: 1.360,00 €

Secadora SE-7 de 8 Kg: 1.431,43 €

Armario de 2 portas abatibles de 2,20 de alto x 0,80 de ancho x 0,50 de fondo en melamina hidro de 19 mm con estantes regulables: 332,75 €

Moble estantería de 0,99 de largo x 0,49 de fondo x 2,73 de alto en melamina hidro de 19 mm con portas abatibles e un lado acabado en redondo: 550,55 €

28 unidades de protector de dedos para portas transparentes: 974,66 € (34,81 €/und).

Plancha Rowenta: 50,00 €

Termo eléctrico de 150 litros Sunier Duval Superconfort: 583,22 €

Stor de loneta sanforizada e mecanismo: 144,11 €

Altavoz activo 15"SPJPA915: 363,00 €

Tablet Samsung Galaxy "A", 9,7" 4G 16 GB BLAN: 356,95 €

Proxector interactivo Panasonic PT-TW341R con soporte para teito: 1.402,01 €

Torre PC Intel I3 4 GB de RAM, 1 TB de disco duro, lector multitarxetas, USB 3.0: 671,55 €

VALOR.....17.978,41 €

7.13.- EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

Acordo da Consellería de Medio Rural asinado o 01/04/2016, para a cesión en propiedade ao grupo de emerxencias supramunicipal (GES) de dous equipos de protección individual contra a vespa velutina compostos de:

- 2 traxes de dobre capa abrandado composto por 65% poliéster e 35% algodón. Nos puños e nocellos presenta gomas para mellorar o axuste, na perna presenta un peto portaspray e nas costas dúas gomas que permiten portar un segundo spray. A cor e beige para minimizar a calor. Cremalleira frontal inxectada de dobre cursor e cubre cremalleira total con peche de velcro. Cintura axustable por goma e fibela rápida.
- 2 carapuchas de rexilla plástica que permite a visión periférica de 360º e a ventilación. Únese ao corpo a través dunha cremalleira con dobre separador.
- 2 cascos homologados axustables con viseira de policarbonato e reforzo de aluminio e protección da caluga.
- 2 pares luvas certificadas con interior de kevlar, unidos a manguitos de tecidos con goma elástica no seu extremo.
- 2 pares de polainas con gomas na súa parte superior e inferior e cunha terceira goma para suxeitalo no pé.

Acordo da Consellería de Medio Rural asinado o 02/08/2016, para a cesión en propiedade ao grupo de emerxencias supramunicipal (GES) dunha pértega contra a vespa velutina, composta de:

- 1 pértega de material de aluminio lixeiro, 18 tramos de 1,5 m (27 m) acoplados con sistema macho/femia e pestillo de seguridade.
- 2 punteiros inxectores de distinta lonxitude (para niños grandes e pequenos).
- 2 manguairas de tubo transparente de 15 m e 28 m.
- Espátula.
- Funda, en tubo de PVC-200 con tapa e asadeiras.
- Sistema impulsor, bomba de accionamento manual.

Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias e o grupo de emerxencias supramunicipal (GES) asinado o 01/04/2016 para a cesión en propiedade de un equipo de protección individual contra a vespa velutina. O traxe estará composto polos seguintes elementos:

- Traxe de algodón transpirable.
- Carapucha fabricada en tecido resistente e transpirable con ventilacións, con cremalleira facial para poder instalar os visores, tanto de plástico como de rexilla. Cremalleira para instalar a carapucha ao traxe. Broches para axuste de carapucha ao casco.
- Casco ventilado.
- Visores para carapucha.
- Manguito téxtil, sistema de peche mediante cordón elástico e bloqueo de tanka para asegurar o peche.
- Luva fabricada en compoñentes moi resistente, conectable ao traxe mediante cremalleira e conectable ao manguito téxtil mediante cremalleira.

Termo eléctrico Cointra 80 litros serie SLIM: 389,62 €

Impresora laser Rico 5200: 242,00 €

VALOR.....631,62 €

7.19.- EDIFICIO DE PIRAGÜISMO DE PONTE INSUA

2 Kayaks Tevatron M en fibra de vidrio: 1.936 € (968 €/und)

1 K1 Nelo Cinco C/carbono-Foam-Epoxy: 2075,15 €

3 palas Adr Carbono Sistema: 822,80 €

VALOR.....4.833,95 €

7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

Fotocopiadora Rico 28CPP: 544,50 €

5 secadores de mans ABS blancos para os aseos: 456,78 €

PC de sobremesa ofimático MATX I3 4GB RAM 1TB HDD: 708,55 €

Termo subministrado por Javiluz Electricidad SL: 475,53 €

VALOR.....2.185,36 €

7.21.- PINTURAS

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa IX ENCONTRO COA ARTE “DE L’EMPORDÁ A GALICIA” celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2014.

Título: “Ballet i sangrantana (Série Ballet&Gaudi)”

Autor: Alba Roqueta

Técnica: Acrilico sobre lenzo

Medidas:73 x 60 cm.

Valor: 1500 €

Título: “Paseo Río Pego”

Autor: Antonio Marqués Franco

Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 40 x 40 cm.

Valor: 1000 €

Título: “Puente Maceira”

Auto: Antonio Rojas

Técnica: Carboncillo sobre papel

Medidas: 35 x 50 cm.

Valor: 50 €

Título: "Iglesia de Bastavales"

Autor: Antonio Rojas

Técnica: Carboncillo sobre papel

Medidas: 50 x 35 cm.

Valor: 50 €

Título: "Paisaje 1"

Autor: Carles Bros

Técnica: Acuarela

Medidas: 20 x 28 cm.

Valor: 150 €

Título: "Paisaje 2"

Autor: Carles Bros

Técnica: Acuarela

Medidas: 20 x 28 cm.

Valor: 150 €

Título: "Paisaje 3"

Autor: Carles Bros

Técnica: Acuarela

Medidas: 20 x 28 cm.

Valor: 150 €

Título: "Ger (Runa Celta)"

Autor: Emili Armengol

Técnica: Mixta sobre papel

Medidas: 40 x 30 cm.

Valor: 150 €

Título: "Abril"

Autor: Joan Raset

Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 55 x 46 cm.

Valor: 1000 €

Título: "Arlequín"

Autor: Jordi Rollán

Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 73 x 60 cm.

Valor: 2.800 €

Título: "Amsterdam"

Autor: Josep Cruañas

Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 100 x 81 cm.

Valor: 6.400 €

Título: "Saudade"

Autor: Beatriz Ansedo

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 60 x 60 cm.

Valor: 800 €

Título: "Despexado en Brión"

Autor: Chelo Rodriguez

Técnica: Oleo sobre lenzo

Medidas: 55 x 48 cm.

Valor: 600 €

Título: "Paisaje de lluvia"

Autor: Isabel Pintado

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 40 x 80 cm.

Valor: 750 €

Título: "Pintando no Pego"

Autor: Laureano Vidal

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 38 x 55 cm.

Valor: 600 €

Título: "Rúa Gondar"

Autor: Laureano Vidal

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 27 x 46 cm.

Valor: 400 €

Título: "Río Pego"

Autor: Luis Romero

Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 61 x 50 cm.

Valor: 550 €

Título: "Ponte Maceira"

Autor: Maica Alonso

Técnica: Acrílico sobre cartón

Medidas: 43 x 50 cm.

Valor: 300 €

Título: "Entre flores"

Autor: Maica Alonso

Técnica: Acrílico sobre cartón

Medidas: 42 x 50 cm.

Valor: 500 €

Título: "Pontedeume"

Autor: María Manuela

Técnica: Acuarela

Medidas: 36 x 46

Valor: 500 €

Título: "Ponte Maceira"

Autor: M^a Xesús Díaz

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 46 x 55 cm.

Valor: 700 €

Título: "Fervenza de Toxosoutos"

Autor: Rafael Arroyo

Técnica: Fotografía

Medidas: 24 x 41

Valor: 100 €

Título: "Sen título"

Autor: Ricardo Pérez Rilo

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 82 x 116 cm.

Valor: 1.500 €

Título: "Barbacoa no Río Pego"

Autor: Veiras Manteiga

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 46 x 55 cm.

Valor: 600 €

Título: "Ponte Maceira"

Autor: Veiras Manteiga

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 38 x 46 cm.

Valor: 450 €

Título: "Paisaje desde Bastavales"

Autor: Veiras Manteiga

Técnica: Acuarela

Medidas: 24 x 32 cm.

Valor: 100 €

Título: " Ponte Maceira "

Autor: Xosé Vazquez

Técnica: Mixta sobre táboa

Medidas: 60 x 80 cm.

Valor: 600 €

Título: "Entroido"

Autor: Xosé Vizoso

Técnica: Témpera sobre papel

Medidas: 54 x 37 cm.

Valor: 600 €

Valor total..... 23.050,00 €

TOTAL ALTAS.....552.813,47€

BAIXAS

7.01. CASA DO CONCELLO

Fotocopiadora KONICA – MINOLTA Bizub 250

Impresora laser Brother MFC 9160. 805,04 €

VALOR.....805,04 €

7.08.- CASA DA CULTURA

2 armarios laminados 100x74x40. 40.746 pts. (244,89 €)

VALOR.....244,89 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.-

1 radiocasete Grunding: 55,00 €

4 hamacas roulette: 211,72€

1 moble cambiador con bañeira: 50,00€

1 andador: 38,70 €

1 parque hexagonal

1 módulo de tres cortinas: 33,75 €

1 cambiador de bebés HAITÍ: 159,30 €

3 alfombras

Radio casete Daewo: 53,00 €

1 radio caset

1 alfombra

2 mobles baixos con estantes de 3 ocas

1 moble con portas

1 moble baixo de 2 ocas

1 moble no aseo con bañeira

2 deshumidificadores

VALOR.....601,47 €

7.16.- AULA DE INFORMATICA (SOUTULLOS)

4 ordenadores 486 DX 66 con monitores de color 14 ", teclados, 4 impresoras Panasonic Mod. 2135, programas de xestión e contabilidade. 1.896.666. pts.(11.399,20 €).

Arquivador Modeli mod. A-44. 39.736 pts. (238,82 €)

2 calculadoras Canon BP-26D. 27.840 pts (167,32 €)

En 2000, adquiriuse un novo equipo informático, subministrado por Archy Siga, composto por: 7 ordenadores OKI 366, con placa At, micro, memoria 64 MB, disco duro 4,3, disqueteira, CD rom, tarxeta de rede, monitor, 15'', etc., por importe de 1.160.000 pts. (6.971,75 €)

VALOR.....18.777,09 €uros

TOTAL BAIXAS..... 20.428,49 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2016

Altas no ano 2016	552.813,47 €
Baixas no ano 2016	20.428,49 €
Inventario a 31.12.2015	35.764.959,17 €
Inventario a 31.12.2016	36.297.344,15 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA, CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE 2016.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do concello de 2016 aprobada por resolución da alcaldía do 10.03.2017, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2016, formulada pola Intervención Municipal, seguindo os principios e normas recollidos na Instrución de contabilidade vixente, e con suxección ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, resolvín:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2016, que ten os seguintes resultados:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	5.404.726,42
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.167.957,66
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)	1.236.768,76
4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (+)	0
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	643.018,39
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	267.866,93
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	882.414,17

REMANENTE DE TESOURERÍA:	
CONCEPTO	2.016
1(+).- Fondos líquidos na Tesourería a fin de exercicio	2.227.871,19
2(+).- Dereitos pendentes de cobro:	251.304,80
2.1. Do exercicio corrente	45.116,80
2.2. De presupostos pechados	236.488,12
2.3. De operacións non presupostarias	2.189,07
(-) Ingresos pendentes de aplicación	32.489,19
3(-).- Obrigacións pendentes de pago:	280.327,62
3.1. Do exercicio corrente	91.936,06
3.2. De presupostos pechados	25.593,80
3.3. De outras operacións non presupostarias	162.797,76
3.4. Pagos pendentes de aplicación	0,00
I.Remanente de Tesourería total	2.198.848,37
II Saldos de dudoso cobro	217.232,81
III Exceso de financiación afectada	3.568,56
IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.978.047,00

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2016, de data 10.03.2017, que conclúe: A liquidación do orzamento do Concello de Brión do exercicio 2016 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC, e cumpre coa regra do gasto e co límite de débeda.

O Pleno queda enterado.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2017.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.04.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.04.2017, que transcrita di:

O Pleno do concello en sesión de data 21.12.2016 aprobou o orzamento municipal para o ano 2017. Neste documento consta un anexo no que se especifican as subvencións nominativas para este ano recolléndose a seguinte subvención:

Con cargo á aplicación: 341/489.00, beneficiario: Bastavales U.D., importe máximo a conceder: 7.100 €

Advertido erro na cantidade asignada posto que a cantidade correcta que estaba previsto conceder era de un total de: 9.100 euros, segundo a distribución prevista de 1 equipo: 2.500 euros, xuvenís: 1.500 euros, cadetes: 1.200 euros, infantís: 1.000 euros, alevín A: 1.000 euros, alevín B: 1.000 euros e benxamíns: 900 euros, e existindo crédito no orzamento segundo retención de crédito realizada por intervención de data 03.04.2017, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2017, no senso seguinte:

Onde di: Bastavales U.D., importe máximo a conceder: 7.100 €, se modifica polo seguinte: Bastavales U.D., importe máximo a conceder: 9.100 €

2º) Expoñer ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

3º) Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presenten reclamacións.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que existía un acordo entre os tres equipos de fútbol do concello sobre a cantidade a subvencionar e ao pasalo ao orzamento produciuse un erro.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS.

Dada conta da resolución da alcaldía do 13.03.2017, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 18.04.2017, que transcrita di:

Resultando que o pleno do concello con data 15.02.2017 aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ” POS+2017 ”.

Resultando que entre os proxectos aprobados figura o denominado: Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Bemil, cun orzamento de 31.632,31 euros.

Resultando que advertiuse un erro material neste proxecto, que non incide no mesmo de ningunha das maneiras, nin no aspecto económico, ni no técnico, e que consiste en que na descrición en letra do importe do proxecto non se corresponde co importe numérico do mesmo.

Rectificado o proxecto pola arquitecta municipal autora do proxecto, e visto o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co acordo plenario do 15.02.2017, resolvo:

1º) Aprobar a rectificación do erro material advertido no proxecto sinalado, coincidindo a cantidade numérica de: 31.632,31 euros, coa descrición en letra de: trinta e un mil seiscientos trinta e dous euros e trinta e un céntimos.

2º) Dar conta desta resolución ao pleno na próxima sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

3º) Remitir esta resolución á Deputación para os efectos de incorporación ao expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación da resolución dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da alcaldía nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.04.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.04.2017, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a servizos e subministracións prestados e servidos, respectivamente no ano 2016, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían polas seguintes causas:

- No caso das facturas de Aquafit Gestión S.L., nº de facturas BR/93 y BR/98 houbo un erro, tal e como se pon de manifesto no informe da xefa do departamento de servizos sociais, ao adxudicarse o contrato polo prezo hora sen incluír o IVE correspondente.

- No caso das facturas de Barbatana S.L., nº de facturas E-09-17 y E-10-17; Recambios Santiagueses S.L., nº de factura 120.302 e Hiper650 azulejos y pavimentos, nº de factura 8.125 tiveron entrada no rexistro en xaneiro e marzo deste ano.

Considerando a efectiva prestación dos servizos e subministración de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

E considerando, igualmente, que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 10 de abril de 2017, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, propono ao Pleno:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de DEZ MIL CATROCIENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (10.444,57 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2016/3310	28/12/2016	403,33	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº BR/93; SERVIZOS DEPORTIVOS PROGRAMA AQUASAN, XIMNASIA ACUÁTICA MAIORES - NOVIEMBRE 2016
F/2017/81	19/01/2017	2.897,95	B15604432	BARBATANA, S.L.	FRA Nº E E-10-17; SUPERVISIÓN ACTIVIDADES CAMPO DE FÚTBOL - NOVIEMBRE 2016
F/2017/82	19/01/2017	2.897,95	B15604432	BARBATANA, S.L.	FRA Nº E E-09-17; SUPERVISIÓN ACTIVIDADES CAMPO DE FÚTBOL - OUTUBRO 2016
F/2017/662	17/02/2017	224,08	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº BR/98; PRESTACIÓN SERVICIOS DEPORTIVOS AQUASAN, XIMNASIA ACUÁTICA MAIORES - DICIEMBRE 2016

F/2017/954	13/03/2017	3.950,84	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº 120.302; CARGADOR ARRANCADOR, HIDROLAVADORA, ENROLLADOR, PISTOLA PINTAR E BATERÍA
F/2017/1048	31/03/2017	70,42	B15536378	HIPER 650	FRA. Nº 8.125; HIERRO E CENEFA VERSALLES - BAÑO MINUSVÁLIDOS ESCOLA INFANTIL
TOTAL		10.444,57			

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo concelleiro non adscrito.

1. Unha vez máis, a planta de tratamento de lixo da Mancomunidade do Barbanza volve a dar problemas, unha vez máis o servizo non se presta con eficiencia e puntualidade. Desta vez parece ser que a causa, ou a desculpa, son a carencia de camións para a recollida.

Na medida que este servizo afecta ao noso concello, este concelleiro quere saber:

a) Que está a pasar realmente na planta do Barbanza?

b) Cales son os problemas que ten a empresa xestora coa Mancomunidade?

c) Considera a Mancomunidade a viabilidade de renovar o contrato coa empresa xestora da planta unha vez que remate a concesión? Ou mesmo rescindir a concesión xa?

Responde o Sr. Alcalde que podo dicirle pouco ou moitísimo e botar aquí todo o día; que parece que co cambio de presidenta que se produciu hai pouco vai un pouco mellor, así se viu por exemplo en Semana Santa, e que a nova presidenta, que é a alcaldesa de Muros, tivo unha reunión en Lousame do director da planta e que foi máis amable que de costume, se lle meteron dúas sancións e unha terceira daría lugar á rescisión do contrato e que esperamos non chegar a iso.

Engade que existen agora tres vehículos adicionais tramitados directamente desde a concesionaria e que a Deputación deu unha subvención de 500.000 euros para tres camións novos, que estarán operativos en seis meses; esperemos que pouco a pouco se vaia solucionando o tema, que no xulgado hai un montón de contenciosos. A nosa ilusión é que non siga pero ninguén lle pode impedir presentarse, e si se rescindira o contrato temos outras empresas para prestar o servizo e en función do que dixera o Consello Consultivo habería que indemnizar ou non pola rescisión do contrato, de tódolos xeitos parece que o está a facer mellor.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña pregunta que na prensa de hoxe ven que a concesionaria vai alugar 3 ou 4 camións, quen pagará iso?

Responde o Sr. Alcalde que tamén hai un conflito polo tema dos camións porque hai diferencias por mor da incorporación dalgúns concellos á mancomunidade, nós pagaremos os nosos camións, os outros nós non.

2. Na relación de decretos aparecen con data 17.12.16 e 21.02.17 a aprobación de listas de beneficiarios do programa de axuda alimentaria. Este concelleiro quere saber:

- a) O número de beneficiarios/as.
- b) O importe total destas axudas para os últimos meses.

Responde o Sr. Alcalde que en decembro de 2016: 74 beneficiarios, e en febreiro de 2017:76 beneficiarios, e que as axudas do programa proceden do Banco de Alimentos e do programa municipal Brión Solidario e faise co persoal de servizos sociais e a través do convenio asinado con data 10.07.2012 coa Asociación de Mulleres Xuntanza, e o custo para o concello é de cero euros.

3. Ao día seguinte de celebrado o Pleno de febreiro, enterámonos pola prensa que está en marcha un proxecto para instalar un centro de día en Montabalado. Este concelleiro quere saber:

- a) En que zona de Montabalado se pretende instalar o centro de día?
- b) Que capacidade de aollida terá o equipamento?
- c) Quen é o promotor da iniciativa? E en que fase se atopa?

Responde o Sr. Alcalde que pouca información lle podo dar, sae nos xornais e os xornalistas fan o seu traballo moi ben. A día de hoxe non hai ningunha solicitude para un centro de día, o que se está a facer é unha modificación do plan parcial para un fin asistencial, que pode ser un centro de día ou algo asistencial, que agora está en exposición pública ata mediados de maio e virá logo ao Pleno; presentouno Mahía pero logo pode facelo calquera empresa, non necesariamente esa, e de momento, non hai solicitude de ningún centro de día, eles na instancia que presentan aquí é para usos asistenciais e que entra tanto un centro de día como outro uso asistencial, e que a nós gustaríanos que fora para iso porque é necesario para este concello, e remata sinalando que despois da exposición pública se fará a aprobación polo Pleno, pero non sabemos nin quen o vai facer, nin quen o vai xestionar.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González